

PROGRAMA PARA A REDUCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

A desescolarización, a conduta absentista e o abandono do sistema educativo durante o ensino obrigatorio conculcan o dereito á educación que ten toda persoa na nosa sociedade.

O feito de que o abandono se dea xeralmente sen obter a titulación na formación básica constitúe un factor de exclusión social, supón contar cunha poboación sen as competencias necesarias que lle permitan acceder a unha vida profesional non marxinal; polo tanto aféctanos a todo o conxunto da sociedade.

O abandono do sistema educativo non só queda restrinxido ao contexto educativo, senón que vai ligado á persoa e ao seu entorno: familia, compañeiros/as, centro educativo...etcétera. No momento actual, o abandono do sistema educativo non é un feito que se limite ao ámbito escolar, senón que ten consecuencias que se xeneralizan a toda persoa, condicionando as súas opcións persoais futuras, poñendo en risco de exclusión a futura vida laboral. Actualmente a titulación básica considérase que é un requisito imprescindible, non só para poder continuar nuns estudos posteriores, senón para favorecer unha integración socio-laboral cun mínimo de condicións na nosa sociedade.

As actividades que propoñemos neste programa están dirixidas a apoiar as actuacións cuxo obxectivo sexa a diminución do impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo e a fomentar o retorno ao sistema.

Contan coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Obxectivo Xeral:

O Concello de Vedra pretende favorecer o desenvolvemento de actividades que proporcionen unha formación integral ao alumnado implicando a toda a comunidade na procura do éxito escolar e na redución do abandono temperán dos estudos por parte da mocidade.

Obxectivos específicos:

- 1- Propiciar que o alumnado que abandonou o sistema educativo poida continuar estudos postobrigatorios.
- 2- Atender ao alumnado con máis dificultades ofrecéndolles respostas axeitadas para previr o abandono temperá e a preparación das probas de graduado en ESO.
- 3- Mellorar a adquisición das competencias básicas no alumnado en risco de abandono escolar.
- 4- Favorecer a atención dos mozos/as en risco de exclusión social.
- 5- Impulsar a coordinación entre os distintos axentes tanto institucións coma organizacións do contorno para diminuír o abandono escolar.

- 6- Retorno á actividade académica, formativa ordinaria.
- 7- Ofrecer resposta ás necesidades dos mozos con dificultades de integración no sistema educativo social e/ou familiar.
- 8- Previr condutas de risco e/ou reducir a inadaptación social mediante alternativas educativas axeitadas.
- 9- Potenciar o desenvolvemento persoal e social dos mozos co fin de que poidan enfrontarse ás dificultades de inserción social e laboral.
- 10- Adquirir e/ou reforzar a formación básica dos mozos para que os capacite a afrontar a vida activa con autonomía responsable.

As actividades propostas, como recurso socioeducativo, teñen como finalidade fundamental reducir as crecentes dinámicas de abandono do sistema educativo, abordando situacións que requiren unhas actuacións integradas nos ámbitos educativo, social, persoal e familiar.

Estas actividades enmárcanse nos principios de actuación que os sustentan:

- a- Corresponsabilidade institucional.
- b- Participación dos mozos/as e as súas familias.

Escola de Pais e Nais	<p>Propiciar momentos de reflexión en torno a situacións da vida cotiá e dinámicas de funcionamento do grupo familiar.</p> <p>Identificar e analizar as distintas etapas que cumpre unha familia no seu ciclo vital.</p> <p>Promove-la comunicación entre os integrantes do núcleo familiar e no entorno da comunidade co gallo de fortalecer os vínculos sociais</p> <p>Estimular nas nais e pais o desenvolvemento persoal e de habilidades e actitudes en materia educativa que contribúan ao desenvolvemento integral dos menores e do grupo familiar.</p> <p>Identificar as situacións problemáticas que se suscitan na vida familiar.</p> <p>Promover na familia o cumprimento dos distintos roles .</p> <p>Favorecer a relación familia, escola, entorno.</p> <p>Crear un lugar de encontro onde as familias poidan expoñer e atopar ferramentas para xestionar os conflitos que poidan xurdir na relación cos seus fillos/as.</p> <p>Reflexionar sobre ferramentas que favorezan unha axeitada educación e motivación.</p> <p>Impulsar a colaboración familia-escola para favorecer o éxito educativo do alumnado.</p>
Estudo-Investigación	<p>Elaboración dun estudo-investigación para coñecer e analizar as causas de abandono do sistema educativo e os perfís do alumnado que abandonan e valorar posibles vías de intervención .</p> <p>Medición do abandono escolar nos niveles 3º e 4º da ESO.</p> <p>Describir as medidas de control do sistema educativo.</p> <p>Describir as medidas organizativas, didácticas e preventivas do Centro.</p>
Punto de Orientación e Información Educativa	<p>Asesoramento ao alumnado e ás súas familias sobre as posibles alternativas educativas.</p> <p>Detectar e intervir socioeducativamente sobre os casos en risco de abandono e absentismo escolar.</p> <p>Incidir sobre os factores sociopersoais do alumnado con problemáticas específicas na súa esfera persoal ou social que poidan afectar o seu rendemento académico.</p> <p>Reducir o índice de absentismo escolar.</p>

	<p>Reducir o índice de abandono escolar . Mellorar as relacións familia- escola. Reducir o número de conflitos entre a comunidade educativa.</p>
<p>Guía de boas prácticas educativas para as familias</p>	<p>Crear unha guía con información clara e motivadora. Informar sobre que accións, estratexias e metodoloxías sobre a educación como instrumento de inclusión e autonomía.</p>
<p>Posta a punto</p>	<p>Xerar un espazo de encontro e formación para os/as mozos/as a través de distintos obradoiros.</p>
<p>D´Xove</p>	<p>Asesorar no deseño de itinerarios académicos a través de dinámicas en grupo.</p>
<p>Xoven</p>	<p>Asesoramento individualizado de itinerarios formativos e persoais. Desenvolver e incrementar as competencias persoais e profesionais. Axudar a definir os obxectivos profesionais e persoais. Orientar sobre as competencias a desenvolver para acadar emprego. Informar sobre accións formativas .</p>
<p>Obradoiros TTI de reforzo e competencia social</p>	<p>Revisar os métodos individuais de estudo e memorización . Reorganización de horarios e cuestións básicas dos tempos de estudo. Aprender a xestionar as materias e os tempos de preparación para os exames. Utilizar a lectura comprensiva. Exercitar a memoria e adestrar as técnicas de traballo intelectual .</p>
<p>É ESO o que buscas?</p>	<p>Reforzar as competencias básicas requiridas na ESO do alumnado que presenta baixo rendemento académico e estean en risco de abandono escolar. Apoiar ao alumnado durante o verán na recuperación das materias suspensas en xuño.</p>
<p>Obradoiros de Horticultura</p>	<p>Establecer unha ponte formativa e de educación en competencias básicas coa familia profesional da agraria. Aproveitar as posibilidades do contorno . Reducir as causas posibles de abandono escolar dos mozos/as participantes . Desenvolver habilidades de autonomía persoal. Fomentar a autonomía e a independencia . Desenvolver hábitos de hixiene e saúde corporal Fomentar a coeducación. Potenciar as habilidades de comunicación e relación. Desenvolver uns hábitos de comportamento adecuados e fomentar o respecto cara as normas sociais.</p>
<p>Titorías afectivas</p>	<p>Contar, as titorías afectivas, como ferramenta para evitar o abandono escolar. Reducir o risco de abandono do sistema educativo dos alumnos/as, mellorar a convivencia e aumentar o seu rendemento escolar.</p>

<p>A través da rede</p>	<p>Facilitar o acceso e creación de redes educativas que fomenten a aprendizaxe en rede. Crear un espazo educativo na rede que sirva de apoio, establecendo pautas de configuración, seguimento e actualización dos contidos educativos. Promover o protagonismo da mocidade na interacción educativa, informativa e social.</p>
<p>Obradoiro de deseño gráfico</p>	<p>Fomentar a través da fotografía a habilidade para interpretar a realidade social e interactuar con ela. Fomentar a habilidade para interpretar, empregar, elaborar respostas, toma de decisións na realidade social.</p>
<p>Formación Monitores de desenvolvemento turístico-local</p>	<p>Aproveitar o potencial turístico do municipio e da comarca compostelá como elemento motivador para a reinserción ao sistema educativo de mozos e mozas que abandonaron os estudos. Orientar os/as mozos/as cara a unha FP da familia profesional de hostalería e turismo como proxecto de desenvolvemento persoal e profesional. Ofrecer unha resposta educativa axeitada ao entorno e ás posibilidades profesionais que ofrece establecendo pontes entre o concello e a administración educativa.</p>